



## ANUNCIO

### **Procedemento para a selección de un auxiliar de turismo .**

O 8 de xuño de 2017, a Alcaldía-Presidencia resolveu:

Visto que se advertiu a existencia dun erro de carácter material e que resulta evidente, debido a unha incorrecta transcripción mecanográfica, no apdo. 7ª) das bases que han de rexer a contratación laboral temporal de un auxiliar de turismo, aprobadas por decreto da Alcaldía núm. 349 do 02/06/2017, de xeito que onde di "*Servizos prestados como técnico de turismo na Administración pública ou empresa privada: 0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.*"

Considerando que o art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que «as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos».

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Corrixir o erro material advertido no apdo. 7ª) das Bases que han de rexer a contratación laboral temporal de un auxiliar de turismo, que queda redactado do seguinte teor:

"*Servizos prestados como auxiliar de turismo na Administración pública ou empresa privada: 0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.*"

**Segundo.-** Ampliar en 3 días naturais o prazo de presentación de instancias para participar no procedemento de selección. Se o derradeiro día fose non fose hábil, o prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

**Terceiro:** Publicar esta resolución no taboleiro de editos e na web do Concello de Porto do Son para xeral coñecemento.

Porto do Son, 8 de xuño de 2017

O ALCALDE,



Asdo. José Luis Oujo Pouso.